

— Proxecto "Iguais" —

Convencidos de que o futuro depende dos nosos nenos e nenas e conscientes da importancia de educalos na igualdade e no respecto, xurdiu a idea de levar adiante un proxecto encamiñado a loitar contra os estereotipos cos que, tristemente, a día de hoxe aínda convivimos. Un proxecto que reflicta que as capacidades e as competencias son una cuestión individual, de cada persoa, e non algo que nos veña imposto polo noso sexo. Queremos que os nosos nenos e nenas vexan que poden ser o que cada quen decida, en función das súas preferencias e habilidades.